

Domingo 28 de setembro del 2008

AROUSA

[Volver](#)

Investigan se o incendio dun camión foi provocado

Susana Luaña | 27/9/2008

Unha forte explosión alarmou aos veciños de Rubiáns pasada a medianoite do xoves. Parecía unha bomba, pero era un incendio. O dun camión cisterna que estaba aparcado no



recinto de talleres Buenos Aires, na recta de Rubiáns, e cuxas rodas de caucho explotaron ao empezar a arder. Os veciños deron a voz de alarma e non tardaron en trasladarse ao lugar os bombeiros da subse de Vilagarcía, que empregaron uns vinte minutos en sufocar as chamas. Entre tanto, a policía local cortaba o tráfico ante o temor de que se producisen máis explosións, aínda que o suceso saldouse sen máis contratemplos.

A policía nacional investiga agora os pormenores do incidente ante a sospeita de que o lume puidese ser provocado. O camión, propiedade dunha empresa de Albacete que estaba no recinto do taller para someterse a unha reparación, non tiña carga no momento do incendio, que queimou por completo as seis rodas do vehículo e non se estendeu máis pola rápida actuación dos servizos contraincendios. Aínda que de momento non se chegou a ningunha conclusión, os bombeiros tampouco cren que un lume desas similitudes pódase producir por causas fortuítas ou por un cortocircuíto.

Fai só uns días que se queimou outro camión cisterna á saída da autoestrada, en Caldas, aínda que neste caso ía cargado de alcatrán. Foron tamén os bombeiros do Salnés os que sufocaron as chamas.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidade local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)

Comercializa publicidade nacional:

R.M. da Coruña: tomo 2438 do Arquivo, Sección Xeral, folio 114 vto., folla C-2141. CIF: A-15000649.

